



CONCELLO DE POIO

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO TRESCENTOS NOVENTA E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL SETE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e seis minutos do día trinta de outubro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia a Concelleira D^a. Irene Ligerio Iglesias; asiste como Secretario Provisional. D. Jacobo Barreiro Pimentel, asistindo como Interventora a da Corporación D^a. Olga Rodríguez González; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3028.-.APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DE DATA 25 DE SETEMBRO DE 2007.- Dáse conta a acta anterior de data 25 de setembro de 2007 que queda aprobada por unanimidade.

3029.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Polo Sr. Secretario dáse conta do estado de execución de acordos precedentes e que son os que seguen: "3025.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: CONSTITUCIÓN CONCELLO, DESIGNACIÓN REPRESENTANTES PARA O CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria; 3026.- URBANISMO, SOLICITUDE BONIFICACIÓN DO ICIO POR OBRAS EN COMBARRO DE JOSÉ PÉREZ ESPERÓN, EXPTE.: 228/06, MARINA COMBARRO, S.L., EXPTE.: 438/07,

PEREGRINA GONZÁLEZ MÉNDEZ, EXPTE.: 413/07.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse aos interesados; 3027.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: UNIDADE DE PERSOAL, CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2008, PROPOSTA FESTAS LOCAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería de Traballo (Servizo de Relacións Laborais).

A Corporación dáse por enterada.

3030.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo Sr. Secretario dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario.

A Corporación dáse por enterada.

3031.- CONTRATACIÓN, PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS CONCURSO PARA O ALLEAMENTO DUNHA PARCELA URBANA EN RÚA VALIÑA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente e do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o concurso con procedemento aberto para o alleamento dunha parcela urbana de titularidade municipal sita en Valiña para construción de vivendas de protección autonómica, de data 24 de agosto de 2007 e que consta de 15 cláusulas administrativas, dos informes da Intervención Municipal de 1 de outubro de 2007 e da Secretaría Municipal.

O Sr. Agís Gómez propón que se amplíe, de 40 a 60 días, o prazo de presentación de proposicións para optar ó concurso xa que lle parece un pouco xusto.

A comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto coa modificación na cláusula sexta correspondente á convocatoria, do prazo de presentación de proposicións que será de 60 días naturais, contados a partir do seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación no BOP ou no DOG, e propor ó Pleno a súa aprobación."

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa aprobouse por unanimidade coa modificación na cláusula sexta da convocatoria correspondente ao prazo de presentación que será de sesenta días naturais e facúltase ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3032.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación das tarifas da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, dun incremento do 3%.

O Sr. Barreiro Lubián explica que este servizo segue a ser deficitario e que a subida que se propón é lineal para todos os grupos.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de ditas tarifas da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián explica que se modifica a ordenanza actualizando un 3% en todos os tramos, unha porcentaxe lixeiramente por enriba do IPC do ano pasado. Trátase dun servizo deficitario e é a única maneira de poder baixar o déficit no servizo. Parécenos unha suba asumible xa que supón 1,36 € ano/vivenda.

O Sr. Domínguez Lino expón: desde o Partido Popular para ser breves e que o pleno discorra coa axilidade desexada por todos, imos a defender conxuntamente a proposta das 13 modificacións de taxas propostas polo equipo de goberno do BNG-PSOE do Concello de Poio.

En primeiro lugar, non nos parece de recibo, como dixeran antes, a modificación de 13 taxas, o que nos demostra unha vez máis a súa nefasta planificación económica, con algunha que non se modificaba desde o ano 1998. Entendemos desde o Partido Popular que non se pode tardar case 10 anos en modificar as taxas, xa que así seguramente evitaríamos os subidóns que propugnan nalgunha delas.

- En segundo lugar, non nos parece lóxico e ademais despois de escoitar ao Concelleiro de Facenda fai 2 plenos nunha discusión na aprobación de facturas extraxudiciais onde nos decía: "A situación económica do concello non é nada preocupante", son os do PP uns alarmistas e catastrofistas.... polo tanto Sr. Alcalde non entendemos porque unha vez máis se a situación é tan boiante como nos quere facer ver o goberno porque se incrementan as taxas por enriba do IPC correspondente e algunha delas nun 20%, 30%, 50% ou 100%.

Práctica por certo da suba de taxas por enriba do IPC, moi habitual nos anos de goberno do BNG e que vemos que seguirán practicando cos seus novos socios do PSOE.

- En terceiro lugar, non entendemos como dun IPC interanual de agosto 2006-agosto 2007 dun 2,2% ou do último IPC interanual de sept 06 a sept 07 do 2,7% ou dun IPC anual do 1,7%, por parte do Concello propóñase un incremento do 3%, vendo ademais como concellos limítrofes como Pontevedra que soben o 2% ou Sanxenxo cunha suba do 2,2% (por certo hoxe non apoiada polos seus colegas do BNG de Sanxenxo), mentres que en Poio polo bo servizo que recibimos nos castigan con subas do 3%..

-Esta situación agrávase aínda mais cando propoñen subidas por exemplo de taxas por enriba do 20% como no caso das

viñetas dos coches, subas do 30% nos vados e mesmo subas do 50% ou 100% en casos do imposto do IAE, e xa lle adianto que non nos vale a xustificación de que non a subían desde hai anos, a isto é o que chamamos nula planificación e xestión.

- A todo iso se lle sumamos que xa tiñamos as taxas máis caras da bisbarra, en saneamento, lixo e auga como aquí se demostrou o ano pasado.

Polo tanto Sr. sobral, aos veciños de Poio non nos queda outro remedio, un ano máis que volver rasgar os petos máis que aos nosos veciños. Co agravante de que a cambio recibimos un servizo que non mellora senón mais ben todo o contrario.

Cada día existen máis queixas por exemplo da escasa limpeza dos colectores de lixo e o seu incumprimento pola empresa concesionaria (xa denunciado varias veces polo Partido Popular), a existencia de moitos colectores rotos, ou sen tapas, as rúas moi sucias e que nos consta que a Concelleira de Vías e Obras é moi consciente diso, que as roturas que sufrimos un día e outro tamén, da rede xeral da auga fai que moitas veces os veciños queden sen auga. Todo iso fai que as devanditas subas estén inxustificadas, xa que repito como podemos comprobar os servizos que ofrecen non melloran comparado co prezo que pagamos.

Por exemplo falando de lixo un veciño de Sanxenxo pagará o ano que vén por lixo 91,33 euros mentres que un veciño de Poio pagará 99,52 euros, é dicir unhas 16.559 das antigas pesetas, é dicir máis de 1.331 pesetas con respecto a Sanxenxo. E coa sangría de que nos últimos 4 anos xa leva unha suba do 42%, pasando dos 68,03 euros que se pagaban no ano 2.003 aos 100 euros do ano próximo.

En definitiva desde o Partido Popular non aprobaremos as subas de taxas propostas por enriba do IPC interanual, o que si terán é o apoio naquelas que así o fagan e que por desgracia solo é no caso da taxa de auga e das verteduras. E que propoñemos para que teñan o noso apoio é que no resto se propoña as subas do IPC descrito.

E non o apoiamos non só polas subas que sufrimos senón porque entendemos como dixemos antes que o servizo que estamos a ofrecer non se corresponde cos prezos que a están cobrando. Xa que ademais quero recordar que están cobrando por exemplo en 2 parroquias (Raxó e parte de Samieira) por un servizo como o saneamento que non o dan e están cobrando por un servizo de vado con subas do 30% onde como todos sabemos non está dispoñible as 24 horas do día...

Temos que pensar nas economías domésticas dos nosos veciños de Poio e estamos a ver e sufrindo que pasamos apuros para chegar a fin de mes, a suba do pan, do leite, das nosas hipotecas, da gasolina fan que sexa moi difícil chegar a final de mes e agora coas subas que vostedes propoñen que aínda que sexan só 21 euros ao ano como din hai que sumarlles os euros do

ano anterior, e do anterior, etc, subas que repito sempre foron por enriba do IPC, fará que a costa de fin de mes sexa peor levada.

Por desgracia e co apoio do seu socio e cómplice de goberno do PSOE, os veciños de Poio un ano máis debemos de sufrir a incompetencia do novo equipo de goberno que unha vez máis basea a súa política económica en subas de taxas por enriba do IPC e nun endebedamento desproporcionado por enriba xa dos 7 millóns de euros., cunha nefasta xestión dos recursos, sen a búsqueda da eficiencia e eficacia destes como levamos denunciando durante os últimos anos desde o Partido Popular.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que os discursos aos que nos ten acostumado en moitos casos falta á verdade. As subidas de vehículos e os 12 impostos restantes vaille custar en todo o ano aos veciños 21 €.

As pasaxes permanentes supoñen un aumento de 10 € un euro por cada ano que leva sen actualizar (10 anos).

En auga unha vivenda vaille supor 28 céntimos ao ano para un consumo medio, o que si non fala é de que estes servizos son deficitarios e hai que pagar a Sogama o tratamemo e a Cespa a recollida.

A situación económica do Concello non é nada alarmante porque se foron actualizando os prezos progresivamente alarmante si que era no ano 1995 e non queremos que esa situación se repita, até o punto que non se podían pagar as nóminas.

Vostedes incluso algún ano votaron en contra de prezos de taxas á baixa, estou de acordo con que non se deben acumular subidas. Aquí douse o caso de subir un 300% a auga e máis no caso do lixo e nos daquela non estuvemos de acordo con iso.

Non quedou demostrado que foran as taxas máis altas o ano pasado como din.

Se comparamos vivendas que dispoñen dos servizos de lixo, auga, vehículos e saneamento con Sanxenxo resulta unha cantidade de 435 € (sempre tomando datos dunha familia media).

Tomando os datos publicados polo Consello de Contas, dicir que na actualidade existen 64 concellos cunha carga financeira superior a este Concello e cun endebedamento inferior a do ano 1995.

A Sra. Besada Lores di que a política do PSOE é a de incrementar de acordo co IPC.

Nesta actualización das taxas hai algunhas que soben máis que outras porque hai 9 ou 10 anos que non se actualizan. O Sr. Domínguez acusa ao equipo de goberno de subir o lixo casi un 50% no ano 2003 e foi debido a que se levou o lixo a Sogama.

Agora mesmo o PSOE vai facer unha depuradora que se ubicará en Sanxenxo pero tamén vai ser para Samieira e Raxó.

Con respecto ás tuberías de auga están deterioradas e recórdolle que a instalárono o PP e hai 2 anos que deixou de gobernar e non fixeron nada por substituílas.

En España as familias están soportando as subas do pan, do

leite pero quero dicir que o PP nunca subiu os soldos cousa que está a facer o PSOE.

O Sr. Domínguez Lino contéstalle que non lle vote as culpas ao PP porque levan 13 anos sen gobernar. Sr. Barreiro dígalles aos veciños que en Sanxenxo pagan menos pola taxa do lixo que nós e vostede chámalle demagogia. Si os soldos subisen máis co IPC non teríamos tanta queixa.

Está recoñecendo que se está a cobrar por un servizo en Samieria que non se está dando.

Cando empezaron a gobernar pagábase en saneamento 1.000 Ptas na actualidade incrementouse até 12.000 Ptas e en concepto de auga antes eran 1.000 ptas e agora 16.000 ptas.

O Sr. Villaverde Méndez di que sempre se está a votar en cara o ano 1995 e eu son parte dese goberno do 95 co PP e síntome aludido: do ano 1979 ao 1987 estiveron os independentes e nesa época non había auga.

Do 1987 ao 1991 a vós ofreceusevos subir a auga pero sempre vos negastes e no ano 91 entrei a gobernar co PP e naquel momento que estábamos moi endebedados e foi cando subiron as taxas que sempre criticades pero a situación do Concello era moi mala existía un gran endebedamento.

O Sr. Barreiro Lubián di que no discurso existe demasiada demagogia.

Aquí hai servizos deficitarios como o lixo. Outras opcións serían modificar a ordenanza e subir outros impostos como por exemplo o IBI para financiar o servizo.

Hai dúas posibilidades, aumentar o imposto ou pedir que baixen os custos a Sogama e Cespa, pero isto último é imposible.

Aquí plantéxanse subas escalonadas e sexamos sensatos, se se compara coa situación daquela o pasar unha familia de pagar 4000 ptas a 12.000 ptas é inasumible.

O saneamento pódese mellorar pero non me diga Sr. Domínguez que era mellor a situación que tiña arredor da súa casa onde tiraba o lixo e agora tamén existe un plan de lavado de colectores, e antes o lixo ía para a Seca.

A limpeza viaria: aquí había un varrendeiro que varría 1 día a semana na Barca e un día a semana en Combarro agora temos unha varredora.

Podémonos comparar con 64 concellos de Galicia que teñen máis presión fiscal que Poio e non soamente co Concello de Sanxenxo.

No ano 1995 o saneamento era a chorro libre para onde fora pero no ano 1996 votáronse a funcionar todos os bombeos que supoñen un custo moi elevado e non é comparable co ano 1995 coa diferenza que existe no bombeo.

O Sr. Villaverde Méndez contesta que antes había unha queimadora.

O Sr. Barreiro Lubián di que de selamos o vertedoiro e levamos o lixo para Sogama que supón un custo elevado así como o

seu transporte para Ribadumia.

Sogama cobra máis de 40€/tn por iso non se pode comparar o custo con outra época anterior, xa que aquela situación era tercer mundista.

O Sr. Villaverde Méndez contesta que daquela vos non estabades de acordo en levar o lixo a Sogama.

O Sr. Barreiro Lubián di que a subida dos 13 impostos supoñen 21 €/ano.

O Alcalde di que por exemplo as pasaxes permanentes son de carácter voluntario pero sen embargo, funcionan durante todo o día incluso pola noite que se pode avisar ao servizo de grúa.

O Sr. Barreiro Lubián pregunta se saben canto custa o servizo de grúa ao mes.

O Sr. Domínguez Lino contesta que 1.800 € pero soamente porque se contratou con ese prezo.

O Sr. Barreiro di que houbo que sacar un segundo concurso xa que nun primeiro non se presentou ningún.

O Alcalde di que con respecto ao lixo no Sanxenxo rural funciona soamente dous días a semana aquí prestamos un servizo diario e o prezo de grúa en Sanxenxo tamén é elevado e non sei se o coñecedes.

Gustaríame que comparasedes se sae máis caro vivir en Sanxenxo ou en Poio, gustaríame saber cal é a diferenza.

O Sr. Barreiro Lubián di que non é comparable o custo actual co anterior.

Nunha corporación de 17 concelleiros, que 2 manexaran aos outros 15, ou estes son moi listos ou os outros moi tontos.

A Sra. Besada Lores contesta ao Sr. Domínguez dicindo que o PP xa non goberna na Xunta (afortunadamente) porque a depuradora de Sanxenxo tiña que facela o PP cando estaba no goberno ou fai 10 anos, o mesmo sucede cos reforzos de auga e de saneamento.

Ao PSOE encantaríanos non subir os impostos e esperamos que os vecinos poidan facer fronte ao incremento de 21 €/ano.

O Sr. Domínguez Lino di que os 21 € supoñen un incremento por enriba do IPC. Outro dato que se falaba de vivendas vacías, non sei se é bo ou malo, Sanxenxo ten moitas vivendas vacías todo o ano que cotizan igual que un veciño que vive alí. Debémosnos comparar cun Concello similar ao noso.

Sometido a votación a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo esta quedou aprobada provisionalmente por 10 votos a favor (7 B.N.G e 3 P.S.O.E.) e 6 votos en contra (6 P.P.), someténdose a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3033.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa

de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación das tarifas da taxa por prestación do servizo de tratamento e eliminación de lixo, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, dun incremento do 3%.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de ditas tarifas da taxa por prestación do servizo de tratamento e eliminación de lixo e que se sigan os trámites legais procedentes."

Sometido a votación a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de tratamento e eliminación de lixo esta quedou aprobada provisionalmente por 10 votos a favor (7 B.N.G e 3 P.S.O.E.) e 6 votos en contra (6 P.P.), que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3034.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación das tarifas da taxa por subministración de auga, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, dun incremento do 0,79%.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de ditas tarifas da taxa por subministración de auga e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián di que supón un incremento do 0,8%.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que votarán a favor.

Sometido a votación a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga esta quedou aprobada provisionalmente por unanimidade, que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3035.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SANEAMENTO.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente

tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación das tarifas da taxa por saneamento, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, dun incremento do 4,92%.

O Sr. Barreiro explica que a subida débese ó aumento do prezo da enerxía eléctrica.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de ditas tarifas da taxa por saneamento e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián di que a porcentaxe que se aplica (4,93%) resulta da fórmula que figura no prego sendo un incremento superior do prezo da enerxía eléctrica.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que votarán en contra da subida e aprobación da taxa.

Sometido a votación a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por saneamento esta quedou aprobada provisionalmente por 10 votos a favor (7 B.N.G e 3 P.S.O.E.) e 6 votos en contra (6 P.P.), que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3036.- MODIFICACIÓN DA TAXA DE ANÁLISE DE VERTIDOS E INSPECCIÓN DE AUGAS.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación das tarifas da taxa por análise e inspección de augas, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, dun incremento do 2,2% que é o importe do IPC interanual desde agosto de 2006 (data da última revisión das mesmas) a agosto de 2007.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de ditas tarifas da taxa de análise e inspección de augas e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián di que supón un incremento do 2,2%, o mesmo co IPC.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que votarán a favor por aplicarse o IPC.

Sometido a votación a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de análise de vertidos e inspección de augas esta quedou aprobada por unanimidade, que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3037.- MODIFICACIÓN DO TIPO DE GRAVAME DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación do tipo de gravámen do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, un incremento dos tipos equiparando o aplicable as vivendas unifamiliares e as construccions, instalacións e obras menores e a o resto de construccions, instalacións e obras e as vivendas plurifamiliares ascendendo o tipo proposto a o 4% e fixando un novo tipo impositivo aplicado as vivendas unifamiliares en réxime de autopromoción a un 2,40%.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de modificación do tipo de gravámen do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián di que o ICIO increméntase do 2,9% ao 4% para as vivendas que non son nin unifamiliares nin de autopromoción.

O Sr. Domínguez Lino di que o incremento até un 4% repercute no consumidor final e haberá que vixiar os orzamentos dos promotores.

O Sr. Barreiro Lubián di que o prezo de venda da vivenda márcao o mercado.

O Sr. Agís Gómez di que lamenta que esta modificación non se fixera moito antes e que o incremento da edificabilidade non repercute nas arcas municipais.

O Alcalde di que existe un convenio co ORAL para a revisión das liquidacións unha vez rematadas as obras.

Sometido a votación a modificación do tipo de gravame do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras este quedou aprobada provisionalmente por 10 votos a favor (7 B.N.G e 3 P.S.O.E.) e 6 votos en contra (6 P.P.), que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3038.- MODIFICACIÓN DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de

2007 de modificación de ditas tarifas, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, e dado que as tarifas da mencionada taxa non foron revisadas desde o ano 1998 e debido a o incremento dos custos que o servizo leva aparellados desde a mencionada data propónse un incremento das tarifas segundo se reflexa nun anexo deste expediente.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que a subida é aproximadamente dun 28%.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de ditas tarifas da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, e carga e descarga de mercadorías de calquera clase e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

O Sr. Barreiro Lubián di que esta taxa levaba 10 anos sen actualizar e agora equiparouse ao incremento do IPC.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que votarán en contra.

Sometido a votación a modificación da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase esta quedou aprobada provisionalmente por 10 votos a favor (7 B.N.G e 3 P.S.O.E.) e 6 votos en contra (6 P.P.), que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3039.- MODIFICACIÓN DA TAXA DO SERVIZO PÚBLICO DE GRÚA.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: “Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación das tarifas da taxa do servizo público de grúa, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, e dado que as tarifas da mencionada taxa non foron revisadas desde o ano 2003 e debido a o incremento dos custos que o servizo leva aparellados desde a mencionada data propónse un incremento das tarifas variando o incremento segundo concepto gravado entre un 8% a un 12,50%.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de ditas tarifas da taxa do servizo público da grúa e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

O Sr. Barreiro Lubián di que a subida é do 12,5 % (o IPC acumulado desde o último incremento).

O Sr. Domínguez Lino manifesta que votarán en contra do incremento xa que sobe 10€ de golpe e esperemos que a grúa non lle leve a ninguén.

O Sr. Moldes Martínez di que aquí díxose de que uns tiñan que estar na gardería pois digo outros deberíadesvos de xubilar.

Cando se retira un vehículo pola grúa, este debería ir acompañado por un policía local de non ser así, esta situación podería ser denunciada polos vecinos.

O Sr. Barreiro Lubián di que cando se refire á gardería faino pola idade que ten, xa que me enteraba do que estaba pasando e loxicamente ti aínda estabas na gardería e parece que segues porque non colliches o que quería dicir.

Sometido a votación a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de público de grúa esta quedou aprobada provisionalmente por 10 votos a favor (7 B.N.G e 3 P.S.O.E.) e 6 votos en contra (6 P.P.), que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra, e que se sigan os trámites legais procedentes.

3040.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación das tarifas do imposto sobre actividade económicas, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, e que se propón un incremento no coeficiente de situación pasando a ser de 2 no Núcleo Urbano e do 1,5 no resto.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de modificación das tarifas do imposto sobre actividades económicas e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián di que a decisión estatal de deixar exento de pagamento ás empresas que facturaran menos de 1.000.000 €, supuxo un descenso importante de ingresos con relación a este imposto.

Poio non conta cun núcleo urbano moi consolidado e estableceuse un índice do 2% para núcleos urbanos e 1,5% para os restantes.

Isto é pouco significativo desde o punto de vista económico.

O Sr. Domínguez Lino di que a subida é do 50% en zona non urbana e nalgúns casos un 100% para a zona urbana, por iso votaremos en contra.

Sometido a votación a modificación da ordenanza fiscal

reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas esta quedou aprobada provisionalmente por 10 votos a favor (7 B.N.G e 3 P.S.O.E.) e 6 votos en contra (6 P.P.), e que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra, e que se sigan os trámites legais procedentes.

3041.- MODIFICACIÓN DA TAXA POR A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CELEBRACIÓN DE CASAMENTOS CIVÍS.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación da taxa por a prestación do servizo de celebración de casamentos civís, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, un incremento da tarifa de 10 euros pasando a ser a nova tarifa a 70 euros debido a o incremento do custo do servizo desde xaneiro de 2000 (ano de aprobación da taxa) ata a actualidade

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de modificación da taxa por a prestación do servizo de celebración de casamentos civís e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián di que neste caso fíxose o mesmo que en casos anteriores xa que se trata dunha taxa que leva anos sen actualizar.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que van apoiar a subida desta taxa, porque Poio é un concello dos máis baratos neste concepto.

Sometido a votación a modificación da taxa por prestación do servizo de celebración de casamentos civís esta quedou aprobada provisionalmente por unanimidade, que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3042.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación das tarifas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, no que se propón un incremento das tarifas por tramos segundo o tipo de vehículo que se sitúan entre o 11% e o 20%

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional de ditas

tarifas do imposto de vehículos de tracción mecánica e que se sigan os trámites legais procedentes.”

O Sr. Barreiro Lubián explica que este imposto increméntase un 11% nos primeiros tramos e un 20% para o resto.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que votarán en contra deste incremento xa que agora poñémonos ao nivel dos demais concellos e antes estábamos por debaixo.

Sometido a votación a modificación da ordenanza reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica esta quedou aprobada provisionalmente por 10 votos a favor (7 B.N.G e 3 P.S.O.E.) e 6 votos en contra (6 P.P.), e que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra, e que se sigan os trámites legais procedentes.

3043.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OS SERVIZOS FACULTATIVOS QUE SE PRESTEN EN OBRAS MUNICIPAIS.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: “Dáse conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa por os servizos facultativos que se presten en obras municipais, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, no que se propón unha modificación no sistema de xestión, liquidación e recadación que se levará a cabo efectuando a liquidación da taxa unha vez que o contrato sexa adxudicado sempre que a dirección de obra sexa levada a cabo por técnicos municipais, e o importe da taxa deberá ser ingresado por o adxudicatario en vez de ser minorado do importe das certificacións de obra como se estaba a realizar.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación provisional da taxa por os servizos facultativos que se presten en obras municipais e que se sigan os trámites legais procedentes.”

O Sr. Barreiro Lubián di que agora vaise liquidar antes do inicio da obra para o ingreso.

Sometido a votación a modificación da ordenanza reguladora da taxa por os servizos facultativos que se presten nas obras municipais esta quedou aprobada provisionalmente por unanimidade, que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra e que se sigan os trámites legais procedentes.

3044.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro de 2007 que di o seguinte: “Dáse

conta do expediente tramitado con motivo da proposta da alcaldía de data 8 de outubro de 2007 de modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, no que se propón incluír unha nova tarifa para as copias en color realizadas na biblioteca municipal por importe de 1,50 euros.

O Sr. Domínguez Lino di que se deberían cobras as fotocopias en color que se fagan en calquera dos servizos municipais non só na biblioteca.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que tamén é unha idea xa que aínda que agora so se fan na biblioteca iso non supón que non se fagan no futuro noutro servizo municipal.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto eliminando da proposta as palabras "realizadas na biblioteca" e propor ó Pleno a súa aprobación provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián explica que na ordenanza aprobada figuraban as taxas por fotocopias pero non estaban previstas as fotocopias en color e o que se fai é fixar unha taxa para estas fixándose en 1,5€.

Sometido a votación a modificación da ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos esta quedou aprobada provisionalmente por unanimidade, que se someta a información pública polo prazo de 30 días no B.O.P e no Diario de Pontevedra, e que se sigan os trámites legais procedentes.

3045.- SOLICITUDE REVISIÓN PREZOS CONCESIÓN SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. E LIMPEZA VIARIA CESPAS, SA ANO 2007.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de outubro que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do expediente que consta do escrito de CESPAS, S.A., empresa concesionaria do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos en todo o municipio e o seu transporte a un centro de tratamento, limpeza viaria e desratización no Concello de Poio solicitando un novo prezo para o exercicio 2007 de 521.810,67 euros (IVE incluído) o que supón un incremento con respecto ó ano 2006 de 41.616,17 euros; o informe da intervención municipal de data 22 de outubro de 2007 e o informe do Enxeñeiro Municipal de data 15 de outubro de 2007.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente

dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación da revisión do prezo do servizo de recollida de R.S.U. e Limpeza Viaria CESPA que forma parte da cota a aboar á concesionaria para o ano 2007 e que se sigan os trámites legais procedentes.

O Sr. Barreiro Lubián di que o incremento é dun 8% (39.000) aplicable segundo a fórmula aprobada.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que votan en contra de igual forma que cando se fixo o contrato.

A Corporación por unanimidade acordou aprobar a revisión do prezo do servizo de recollida de R.S.U. e Limpeza Viaria CESPA que forma parte da cota a aboar á concesionaria para o ano 2007 e que se sigan os trámites legais procedentes.

3046.- MOCIÓN DO PP, DOTACIÓN AO CEIP DE CHANCELAS DE PATIO CUBERTO E RENOVACIÓN DE PARQUE INFANTIL.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Municipal de Cultura, Educación e Deportes de data 8 de outubro de 2007: "Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular o ampara do disposto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula para a súa discusión, e no seu caso aprobación o seguinte: EXPOSICION DE MOTIVOS:

Ante as melloras que se van a realizar en diversos centros educativos do noso Concello, consideramos que o aumento de alumnos do CEI DE CHANCELAS coa supresión da escola "do campo" en Combarro, e a falla de inversións nos últimos anos faise necesario unha inversión maior. MOCIÓN:

Que se dote o centro de Chancelas de patio cuberto e se renove o parque infantil para acoller os nenos procedentes da escola do campo de Combarro.

Fdo.: Miguel A. Martínez Nacemento.

Concelleiro del Grupo Municipal Popular. En Poio, a 17 de setembro de 2007"

Entra no salón de sesións o concelleiro Miguel Pazos.

A concelleira de Educación informa que as obrigas do Concello son o mantemento e limpeza e colaborar con algunhas actividades que poida programar o Concello para os nenos, por este motivo cree que a Moción, cando menos, esta mal dirixida, que debe ir a Delegación de Educación que é a responsable de facer tódolos cambios que teñen carácter estrutural.

O concelleiro do PP, Miguel Nacemento, intervéñ para dicir que eles dirixen a súa petición para que o Alcalde como representante para que actúe ante a Delegación, por considerar estar en dereito.

Luz Senra, aclara que o centro agora é CEIP; continua dicindo que a Delegación decidiu cambialos nenos pequenos a Chancelas, co que cre que gañaron todos, logo dos primeiros inconvenientes, e dotouse de comedor a Chancelas; coas obras, agora pasaron a tres aulas de infantil, que en Combarro tiñan dúas, e adaptounas o Concello (aínda que non lle corresponde)

porque se chegou a un acordo coa Delegación para que neste curso que ven fagan mais melloras.

Os columbios xa están colocados e cando se pediu a moción estíbese co valado, na actualidade falta o parque cuberto.

Trasladaremos a petición ao Consello Escolar, e este a través da ANPA é quen traslada as peticións á Delegación de Educación por cuarta ou quinta vez porque xa foi pedida reiteradas veces, co apoio deste equipo de goberno.

O Presidente manifesta que tal e como explicou a concelleira de Educación, o parque infantil na actualidade esta renovado; o abandono do colexio que indica o PP non ven dado de agora, xa co goberno do PP prodúcese; o patio xa esta pedido por este goberno e pola ANPA, polo que a súa proposta e votar en contra desta moción.

Somete a votación a proposta do Partido Popular obténdose o seguinte resultado : 3 votos a favor (PP), e 6 votos en contra (4 BNG + 2 PSOE).".

A Sr. Martínez Nacemento di que visitaron o centro e si, é certo que se avanzou algo recoñecemos as labores de limpeza realizadas e seguimos mantendo a moción para que se dote ao centro cun patio cuberto.

A Sra. Senra Lorenzo aclara que o Concello soamente ten as obrigas de mantemento dos centros, e actualmente estanse a realizar compromisos superiores ao mantemento.

Nos non podemos facer unha estrutura fixa iso correspóndelle á Delegación, dicir que nos consta que a Delegación vai realizar un forte investimento en Poio.

Esta moción está tramitada pero nos non a imos facer por non correpondernos. Os gastos en Chancelas son de 47.877 € e no resto das escolas 346.000€.

O Sr. Martínez Nacemento di que manteñen a moción para facer máis forza diante da Delegación de Educación.

A Sra. Senra Lorenzo explica que o cauce normal da solicitude sería a través do Colexio ou no Consello Escolar non é necesario que se veña cunha moción do PP.

O Sr. Martínez Nacemento considera que o deber do PP é presentar a moción.

A Sra. Besada Lores di que non votan a favor da aprobación da moción porque a Consellería de Educación está a realizar un forte investimento en todos os concellos de Galicia e dicir que temos en conta os agradementos do PP pola labor de limpeza que realizaron os operarios.

O Alcalde di que o BNG vai votar en contra da moción por razón similares ás expostas pola Sra. Besada.

Parécenos unha moción oportunista, sabendo que Chancelas pasa a ser CEIP e ter comedor escolar, patio infantil e outras instalación.

As xestións coa Delegación deu os seus froitos xa que

iniciaron o ximnasio en Viñas e ampliaron o comedor en Lourido.

Teño que insistir no cambio da Xunta cara o Concello de Poio, xa que até o de agora os investimentos desta no Concello eran penosos e agora a situación cambiou. Nos temos a petición do patio cuberto en Chancelas, un ximnasio para Raxó e somos conscientes de que Chancelas ten que ter un patio cuberto e é necesario porque cambiou a situación escolar e agora as necesidades o requiren e votamos en contra da aprobación da moción polo seu carácter oportunisto.

Sometido a votación a moción presentada polo PP sobre dotación ao centro de Chancelas dun patio cuberto e renovación do parque infantil para acoller aos nenos procedentes da escola do campo de Combarro esta quedou denegada con 6 votos a favor (6 PP) e 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE).

3047.- CONTESTACIÓN ÁS MOCIÓNS PRESENTADAS POLO PP EN RELACIÓN AO PARQUE EMPRESARIAL DE FRAGAMOREIRA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 23 de outubro de 2007 que di o seguinte: "Vistas as tres mocións presentadas neste Concello polo grupo de Partido Popular na data 24 de xullo de 2007, cos núms. 4078, 4079 e 4080 do rexistro xeral de entrada; e visto o oficio remitido por Xestur-Pontevedra, que di textualmente:

En relación coa solicitude de información respecto das mocións do grupo municipal do Partido Popular, infórmolle que de conformidade coas directrices e instrucións da Consellería de Vivenda e Solo, nos parques empresariais promovidos pola Consellería ou por Xestur Pontevedra non se permutarán fincas privadas por parcelas industriais, xa que desvirtuaría o fin da actuación a desenvolver que é por solo público industrial a disposición dos empresarios e condicións de igualdade e competitividade a través do correspondente concurso público de alleamento de parcelas.

O prego de bases que rexerá o citado concurso de venda de parcelas é un prego interno elaborado pola propia Consellería que trata de evitar a especulación coas parcelas, así como que estas sexan destinadas a que verdadeiramente as necesite, xustificándose isto a través dun proxecto axeitado e demais condicións esixidas no prego.

Igualmente infórmolle que respecto das cuestións que poidan plantexarse en relación co parque empresarial de Poio, a Comisión Executiva de Xestur de data 21/09/07 acordou nomear ó Delegado da Consellería de Vivenda e Solo D. Eudosio Alvarez Alvarez como interlocutor válido.

Esta Comisión acorda: Os membros do Partido Popular non están conformes co indicado por Xestur-Pontevedra, xa que creen que o xustiprezo das parcelas de dito polígono pódese pagar con cartos ou en especie mediante a aportación de terreos ó polígono.

Contestándolle o Sr. Presidente e D. Xulio Barreiro que o que se pretende con ese método é evitar a especulación coas parcelas.

Acordándose que se pasen ditas mocións ao Pleno desta Corporación."

O Sr. Moldes Martínez di que o escrito de Xestur é difícil de interpretar. A consellería di que non se pode cobrar en especie, iso está contemplado no artigo 142 da lei 9/2002. Non é especulación o pagamento en especie e a Xestur parécelle que lle sae máis económico pagar.

Xestur fala de especulacións do chan e non o entendemos porque algúns propietarios que son industriais e entendemos que teñen dereito ao aproveitamento deses terros, todo a través dunha cláusula que lles obriga a construír no tempo.

Creo que o concello está o servizo dos vecinos e non podemos pretender que a xente veña a pedir favores, aquí véñense a solucionar problemas.

Seguimos insistindo que os propietarios de terreos, donos de empresas se lles poida pagar en especie se queren construír ahí.

O Sr. Barreiro Lubián di, sobre o pagamento en especie, é moi difícil que alguén poida simplificar moito as cousas.

Unha cousa é o prezo do terreo sen urbanizar e outra é o prezo do terreo urbanizado, porque os terreos dotaranse dunha serie de servizos, e os propietarios dos terreos terán que costéalos. Loxicamente ese terreo custa inicialmente de 20 a 30 € m² e despois pode valer de 200 a 300€.

A lei ofrece a posibilidade de pagar en especie e xa houbo intentos de especulación que é legal, pero non significa que vaia ter dereiro a montar alí unha nave.

O que pretende Xestur e que as empresas sexan viables, se alguén presenta un proxecto economicamente viable e a partir de ahí poderíase empezar a discutir a forma de pagamento do terreo. Aquí todos coñecemos polígonos que están pola metade e o motivo é a especulación.

O Sr. Moldes Martínez di que o pagamento en especie e totalmente lícito e nos pedimos que se repecte aos propietarios.

O Sr. Barreiro Lubián di que o prego de cláusulas establece que teñen que presentar un proxecto empresarial e Xestur valorará dito proxecto para adxudicar a parcela. É indiferente o pagamento en especie con compensación económica.

A Sra. Besada Lores di que están en contra da especulación por iso apoian o exposto polo Sr. Barreiro.

Non sei como calificar que digas que Chelo lle dixo a un veciño en Fragamoreira que lle ía arranxar o seu problema porque ese é moi conflictivo que terá que decidirse nos tribunais (se te refires ao problema dun camiño).

Nego rotundamente que dixera que ía arranxar o tema o

camiño.

O Sr. Moldes Martínez di que non se trata dun camiño senón dunha fonte, o que pretendo é que fora se diga o mesmo que se dixo aquí e non o contrario.

A Sra. Besada Lores di que sempre tiveron moito respecto tanto polos vecinos como polos membros da corporación.

O Sr. Domínguez Lino contesta que escoitaron comentarios da Concelleira Besada de fai dez anos e de agora, se o PP difama vaia ao xulgado e denuncie.

O Sr. Moldes Martínez di que o único que se pide é que o defendido aquí dentro se manteña na mesma liña fora.

O Sr. Alcalde contesta que é lamentable que se mesture o futuro polígono con chamadas dun veciño.

No polígono da Reigosa a Xunta expropiou e pagaronlle á comunidade o que consideraban oportuno, a Comunidade reclamou o prezo por non estar de acordó, gañaron o recurso e pagáronlle máis.

Todos sabemos que na Fragamoreira xente que non é do Concello estivo facendo compra de terreos coa intención de ter propiedades dentro do solo industrial. A nos interesanos que o polígono se cubra antes posible. A nosa postura é votar en contra da moción.

Sometidas a votación as mocións presentadas polo PP sobre parque empresarial de Fragamoreira estas quedaron denegadas con 6 votos a favor (6 PP) e 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE).

3048.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado ao abeiro da Orde do 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, publicada no Diario Oficial de Galicia do 24 de abril de 2007, núm. 79.

Dándose conta da memoria redactada polo Sr. Alcalde, Asesor Xurídico do Concello e Arquitecta Municipal de data 17 de outubro de 2007 que di o seguinte: "O Concello de Poio ten aprobado o Plan Xeral de Ordenación Municipal, definitivamente, por acordo do Pleno de 28 de xullo de 2000, publicándose as ordenanzas e convenios e anexos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 6 de outubro de 2000, entrando en vigor o Plan o 26 de outubro de 2000, continuando o mesmo vixente na actualidade; estando adaptado o mesmo á lei 1/97 de 24 de marzo, do Solo de Galicia.

No Diario Oficial de Galicia do 31 de decembro de 2002 publicouse a Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro.

A Disposición Transitoria Segunda da lei 9/2002 estableceu o prazo de tres anos para que se puidese adaptar o

Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente ó disposto en dita lei, rematando dito prazo o 31 de decembro de 2005, polo que desde o 1 de xaneiro de 2006 ten a obriga o Concello de proceder á adaptación do Plan Xeral ás dúas leis indicadas, 9/2002 e 15/2004.

No Boletín Oficial do Estado de 29 de abril de 2006 publicouse a lei estatal 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, prevíndose na Disposición Transitoria Primeira que a obriga de someter os plans e demais instrumentos urbanísticos ó procedemento de avaliación ambiental e estratéxica previsto no artigo 7 desta lei, aplicaríase a aqueles plans cuxa aprobación definitiva se producira con posterioridade ó 21 de xullo de 2006.

E como queira que o artigo 7.1 desta lei establecía que sería a comunidade autónoma respectiva a que regularía o procedemento administrativo aplicable para a elaboración e aprobación do proceso de avaliación ambiental estratéxica, quedou suspendida a obriga de aplicar a lei 9/2006 ata que a Xunta regulara dito procedemento.

No Diario Oficial de Galicia de 16 de maio de 2007, publicouse a lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en cuxo Capítulo II regúlase o procedemento a seguir na Comunidade Autónoma de Galicia para dar cumprimento ó previsto na lei 9/2006 estatal, isto é, para cumprir coa obriga de tramita-lo procedemento de avaliación ambiental estratéxica, non soamente nos plans xerais, senón tamén nos plans parciais, os plans de sectorización e os plan especiais cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, así como as modificacións de calquera dos instrumentos relacionados anteriormente, cando así o decida o órgano ambiental en cada caso.

No Boletín Oficial do Estado de 29 de maio de 2007 publicouse a Lei 8/2007, de 28 de maio, estatal do solo, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2007.

No Diario Oficial de Galicia de 24 de abril de 2007 publicouse a Orde da C.P.T.O.P.T. de 20 do abril de 2007, pola que se establecen os requisitos para conceder subvencións ós concellos de Galicia, concretamente no artigo 2.1a), para a redaccións dos Plans Xerais de Ordenación Municipal dos concellos de Galicia cunha poboación que non supere a cifra de 50.000 habitantes, rematando o prazo para solicitar a subvención o 31 de outubro de 2007.

Por todo iso, considérase necesario que o Concello de Poio solicite de dita Consellería a subvención que lle corresponda, de acordo cos criterios fixados en dita orde, coa finalidade de adaptar o Plan Xeral de Ordenación actualmente vixente, á lei 9/2002, de 30 de decembro e 15/2004, de 29 de decembro, e axustándose ó procedemento establecido na lei 6/2007

para levar a cabo a avaliación ambiental estratéxica do Plan Xeral, adaptando igualmente o mesmo á lei 8/2007, de 28 de maio, estatal do Solo, considerando que ó estar afectado o Concello de Poio pola suspensión prevista na lei 6/2007, de 11 de maio, debería de ter preferencia na concesión da subvención correspondente."

Consta no expediente informe da Intervención Municipal de data 17 de outubro de 2007 que remata considerando que haberá que determinar o orzamento do custo da redacción do PXOM e o número de anualidades no que o mesmo se vai realizar co fin de consignar a contía necesaria en cada exercicio económico debendo o Pleno da Corporación comprometerse a levar a cabo tales consignacións tendo en conta en cada caso, unha vez que se coñeza o importe da subvención concedida, o importe que será ingresado en cada exercicio.

A Comisión Municipal de Urbanismo, en sesión realizada o 23 de outubro de 2007, acordou informar favorablemente a solicitude de subvención indicada.

A Sra. Nieto García di que o P.P. vai votar a favor xa que ademais presentou unha moción para solicitala e que non se pasara o prazo.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que se coñecía perfectamente a Orde, e xa no mes de abril houbo unha reunión na CPTOPT onde se falou da súa publicación. Pensamos que se trata dunha moción oportunista e a idea da moción presentada polo PP partiu de que viron o expediente por algún lado e copiaron.

A Corporación por unanimidade acordou aprobar o expediente e facultar ao Sr. Alcalde para solicitar da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes á subvención correspondente, coa finalidade de adaptar o Plan Xeral de Ordenación Municipal actualmente vixente á Lei 9/2002, do 30 de decembro, á Lei 15/2004, do 29 de decembro e á Lei 8/2007, do 28 de maio, comprometéndose a habilitar o crédito que sexa necesario no orzamento dos vindeiros exercicios 2008 e seguintes unha vez delimitado o importe do investimento e o número de anualidades no que o mesmo se vai realizar.

3049.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 29/2007: SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Previa ratificación, por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 6 votos en contra (6 PP), da inclusión deste asunto na orde do día, por non ser ditaminado previamente pola Comisión informativa correspondente, dáse conta do expediente que consta dunha memoria da alcaldía na que propón a modificación das partidas de gastos 751.22607 e 751.22608 referidas a "Festa do Mar e da Ameixa" e "Festexos Populares e outros" respectivamente, para ser financiadas con maiores ingresos recaudados sobre os previstos; existindo informe favorable da intervención municipal de data 23 de outubro.

O Sr. Domínguez Lino di que no 2007 xa houbo un recoñecemento de crédito e no orzamento do 2007 temos un desfase na Festa do Mar, o que ocorre nos últimos anos.

Quería preguntar se na partida de ingresos dos stands, que se ingresaron 15.000 € se hai stands da Festa do Mar.

O Sr. Martínez Blanco di que o incremento supón 50.000€ que non estaban previstos nas partidas de ingresos.

O Sr. Domínguez Lino contesta que existen partidas de ingresos nas que non se presupostou nada e agora é lóxico que se incremento o recaudado pero onde se consignaron os 50.000 € que se ingresaron.

O Sr. Martínez Blanco explica que se ingresaron 30.000€, a diferenza dos 80.000 recaudados e os 50.000.

O Sr. Domínguez Lino pregunta se se gastaron máis de 600.000€ nas festas.

O Sr. Alcalde contesta que se gastou o presupostada nas festas e se pasa iso é porque se fixeron e se os ingresos son para festas hai que gastalos nesa fin, é pero dicir que quedamos cortos no orzamentado.

O Sr. Domínguez Lino pide que se lle facilite unha copia do que se cobrou nos stands na Festa do Mar, xa que hai que saber se a Asociación Xuvenil Galicia Nova pagou.

Sometido á votación a aprobación da modificación orzamentaria núm. 29/2007, de suplemento de crédito, polo que se suplementan as partidas de gastos 751.22607 "Festa do Mar e da Ameixa" e a 751.22608 "Festexos Populares e outros", esta quedou aprobada con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 6 votos en contra (6 PP).

3050.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 30/2007: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Previa ratificación, por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 6 votos en contra (6 PP), da inclusión deste asunto na orde do día, por non ser ditaminado previamente pola Comisión informativa correspondente, dáse conta da proposta presentada polo Sr. Barreiro Lubián, na que propón destinar o importe de 11.500 € da partida 222.62700 adicada ao investimento de PEMU ás partidas 121.62600 "adquisición equipos informáticos" para facer fronte á aportación municipal con relación a subvención convocada pola Consellería de Innovación e Industria relativa ao desenvolvemento na CA Galega de cidades dixitais 2007-2010 e o importe de 4.934,40€ á partida 121.60100 adicada a compra de terreos no lugar de Riomouro en virtude da sentenza 02/0007043/19980.

Propoñéndose igualmente, destinar á cantidade de 7.065,60€ da partida 911.46500 á partida 121.22614 adicada a indemnizacións en virtude da sentenza 02/00077043/19980; existindo no expediente informe favorable emitido pola intervención municipal de data 24 de outubro.

O Sr. Barreiro Lubián explica que fai 15 anos o

Concello fixo unas obras no lugar de Riomouro, obras que foron denunciadas por un veciño no contencioso e acordouse pagar ao veciño o importe do terreo no lugar de devolverllo, é un asunto de urxencia xa que leva tempo esperando.

Sometido á votación a aprobación da modificación orzamentaria núm. 30/2007, de transferencia de crédito, esta quedou aprobada por unanimidade.

3051.- MOCIÓN DO PP SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO NOVO P.X.O.M. DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 23 de outubro de 2007, polo que se acordou informar desfavorablemente a aprobación da moción presentada polo PP para a solicitude da subvención correspondente para a redacción do novo PXOM, por estar tramitándose xa o expediente.

A Sra. Nieto García explica o contido da moción presentada e manifesta que desde o PP nos parece totalmente incoherente o feito de que, tanto el BNG como o PSOE, estén de acordo en revisar o PXOM e a súa adaptación á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, e en solicitar a subvención para cubrir parte do coste que isto supón. E non apoian a moción proposta polo PP.

O Sr. Barreiro Lubián explica que nas previsións do orzamento do 2008 vaise incluír unha partida para facer unha revisión do planeamento, existen estudos feitos, e non imos apoiar unha moción que non é novidade ningunha.

A Sra. Besada Lores di que a revisión do planeamento estaba na campaña do PSOE e non imos apoiar unha moción polo exposto e ademais porque xa constaba na orde do día.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que lle parece absurdo votar a favor dunha moción na que xa se estaba a traballar e coas valoracións feitas.

Sr. Alcalde di que sería coherente que polo PP se retirase a moción.

Sometida a votación a aprobación da moción presentada polo PP esta quedou denegada con 6 votos a favor (6 PP) e 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE).

3052.- RATIFICACIÓN ACORDO: CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, APROBACIÓN MEMORIA-PROGRAMA E ORZAMENTO DE ACTUACIÓN PARA REHABILITACIÓN DE 25 VIVENDAS EN COMBARRO.- Dáse conta á corporación do acordo 4508 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 22 de outubro de 2007, e que di textualmente: "4508.-CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, APROBACIÓN MEMORIA-PROGRAMA E ORZAMENTO DE ACTUACIÓN PARA REHABILITACIÓN DE 25 VIVENDAS EN COMBARRO.-Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, de acordo coa maioría

requirida no artigo 47 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse conta do escrito de data 8 de outubro de 2007, remitido pola Consellería de Vivenda e Solo, que tivo entrada no Concello o 9 de outubro de 2007 (número de rexistro 5502), polo que, en relación ás actuacións de rehabilitación encravadas na Área de Rehabilitación de centros históricos, no marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito o 17 de xaneiro de 2006 entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Vivenda para a aplicación do Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos/das cidadáns/cidadás á vivenda, propóñense para o Concello 25 actuacións e solicítase que se remita, antes do 26 de outubro, o orzamento das actuación e a memoria-programa (dúas en galego e unha en castelán) á que se refire o apartado 2 do artigo 59 do R.D. 801/2005, do 1 de xullo, adaptada ao número de actuacións indicado e ás condicións de límite das subvencións establecidas no antedito RD e no D. 18/2006, de 26 de xaneiro. Igualmente, solicítase a remisión da certificación plenaria acreditativa da aprobación das achegas do Concello para o financiamento das actuación e que se compromenten ao aprobar a memoria antedita.

Así mesmo, dáse conta da Memoria Programa 2007, elaborada por "Urbajur Xestión, SL" que tivo entrada no Concello o 19 de outubro de 2007 (número de rexistro 5741). Dándose conta igualmente do informe da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), acordou aprobar a Memoria e o Orzamento reseñados, comprometéndose o Concello á consignación orzamentaria da cantidade de 67.500,00€ que corresponde á aportación municipal, facultando ao Sr. Alcalde para os trámites legais correspondentes e a sinatura dos documentos que procedan para a execución e eficacia deste acordo, e que se dea conta ao Pleno da Corporación deste acordo para a súa ratificación por terse adoptado por razón de urxencia."

A corporación por unanimidade ratificou a acordo núm. 4508, aprobación memoria-programa e orzamento de actuación para rehabilitación de 25 vivendas en Combarro, adoptado por razón de urxencia pola XGL e que se remita este acordo á Consellería de Vivenda e Solo.

3053.- RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS, EN RELACIÓN COA PARCELA "MONTE DE VIÑAS" SOLICITADA POLA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE SAN SALVADOR.- Previa ratificación, por unanimidade de asistentes, da inclusión deste asunto na orde do día, por non ser ditaminado previamente pola Comisión informativa correspondente, dáse conta á corporación da resolución do Xurado de data 10 de maio de 2007,

pola que se clasifica a parcela municipal denominada "Monte de Viñas", como veciñal en man común da parroquia de San Salvador, tendo o Concello o prazo de un mes para interpor o recurso de reposición ante o devandito xurado.

Según a resolución do xurado a cabida do Monte de Viñas é de 1.596 m/2, cos lindeiros que se indican na devandita resolución.

O Sr. Alcalde explica que houbo unha solicitude de clasificación de 4 parcelas por parte da Comunidade de Montes, a resolución clasifica dúas delas, Monte da Barca de 0,54 ha e o Monte de Viñas, que viña estando ocupado pola antiga Escola Unitaria de Viñas e habéndose xa oposto o Pleno do Concello á clasificación do Monte de Viñas, o 2 de marzo de 2006.

Imos persoarnos para defender a parcela do Monte de Viñas onde estaba a escola unitaria xa que entendemos que se trata dunha parcela municipal, por iso se trae a esta sesión.

O Sr. Domínguez Lino di que no expediente non hai nada do que vostede di. Antes de tomar unha decisión habería que facer un maior estudo deste tema e que pasese pola Comisión de Urbanismo, para tomar esa decisión.

O Sr. Barreiro Lubián pregunta se están de acordo en que se reclame por parte do Concello a resolución e se seguen mantendo a mesma idea que en marzo de 2006.

O Sr. Domínguez Lino di que no expediente non existe proposta ningunha e o mellor sería que pasase pola Comisión de Urbanismo.

O Sr. Alcalde di que queren recorrer e non vai variar nada. Nos defendemos o mesmo agora que antes e entendemos que é unha propiedade de todos os vecinos de Poio.

A corporación por unanimidade acordou opoñerse á clasificación da parcela municipal como Monte Veciñal en Man Conún, facultando ao Sr. Alcalde para interpor recurso de reposición ante o xurado dentro do prazo de un mes, a contar da notificación do acordo do xurado.

3054.- URBANISMO, APROVEITAMENTO URBANÍSTICO LUCRATIVO MUNICIPAL NO POLÍGONO 3 DE INVERCANOSA, S.L. EN RÚA VALIÑA: EMPRAZAMENTO DO SOLO NO QUE SE MATERIALIZARÁ O APROVEITAMENTO LUCRATIVO MUNICIPAL.- Antes de comezar á deliberación deste asunto, polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, D. Xulio Barreiro Lubián, propónse que quede pendente este asunto ata que se coordine coa sociedade promotora a ubicación do soar que ten que recibir o concello, polo 10% do aproveitamento lucrativo municipal; aprobándose por unanimidade a devandita proposta e quedando pendente este asunto.

3055.- URBANISMO, CONVENIO URBANÍSTICO NÚM. 22 COA ENTIDADE MERCANTIL BEGANO, S.A., EN RÚA VALIÑA: DEIXAR SEN EFECTO O ANEXO AO DEVANDITO CONVENIO E EMPRAZAMENTO DO SOLO NO QUE SE

MATERIALIZARÁ O APROVEITAMENTO LUCRATIVO MUNICIPAL.- Antes de comezar á deliberación deste asunto, polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, D. Xulio Barreiro Lubián, propónse que quede pendente este asunto ata que se coordine coa sociedade promotora a ubicación do soar que ten que recibir o concello, polo 10% do aproveitamento lucrativo municipal; aprobándose por unanimidade a devandita proposta e quedando pendente este asunto.

3056.- MOCIÓN DO PSOE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE DE 2007.- Previa ratificación, por unanimidade de asistentes, da inclusión deste asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente pola comisión informativa correspondente, dáse conta pola Sra. Besada Lores dáse conta da moción presentada polo PSOE, co motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, do 25 de novembro, na que tras ampla exposición de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo:

1.- Unidade de todos os partidos políticos para combatir esta insoportable lacra social, descartando calquera uso partidista.

2.- A Violencia de Xénero non é un asunto privado das mulleres, polo que é necesaria a condeá pñblica e explícita de todos os líderes de opinión entre os que non atopamos os responsables políticos, que como representantes da cidadanía, debemos manifestar a nosa repulsa ante cada atentado contra a integridade feminina.

3.- Máxima colaboración coas organizacións de mulleres e na defensa da igualdade, que levan traballando moito tempo coas vítimas da violencia de xénero e son as mellores conecedoras das necesidades.

A Sra. Nieto García solicita que se inclua dentro da moción a petición dun xulgado de violencia de xénero para a provincia de Pontevedra.

A Sra. Besada Lores contesta que non ten inconveniente ningún que se inclúa.

Sometida a votación a aprobación da moción presentada esta quedou aprobada da seguinte maneira:

1.- Unidade de todos os partidos políticos para combatir esta insoportable lacra social, descartando calquera uso partidista.

2.- A Violencia de Xénero non é un asunto privado das mulleres, polo que é necesaria a condeá pñblica e explícita de todos os líderes de opinión entre os que non atopamos os responsables políticos, que como representantes da cidadanía, debemos manifestar a nosa repulsa ante cada atentado contra a integridade feminina.

3.- Máxima colaboración coas organizacións de mulleres e na defensa da igualdade, que levan traballando moito tempo coas vítimas da violencia de xénero e son as mellores

concedoras das necesidades.

4.- Solicitud de implantación dun Xulgado de Violencia de Xénero para a provincia de Pontevedra.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS

O Sr. Domínguez Lino di que presentaron un escrito no concello para que técnicos de Vivenda fosen a ver as estruturas do edificio de Boa Vista, que sufriron danos debido ás explosións, e de feito hai veciños que están de baixa laboral polos roidos.

O PP xa presentou un escrito na Consellería para que os veciños teñan tranquilidade unha vez estudada a estrutura e se determine se resiste ou non.

O Sr. Alcalde contesta que xa se enviou a petición á Consellería de Vivenda e que estiveron no lugar varias veces e existen requirimentos á propia empresa para que velen pola seguridade. Os nosos técnicos estiveron varias veces alí aínda que non poden emitir informe (como sabedes) e tamén se lle pediu á consellería que faga ese estudo, pero os veciños non sei se se calmarán.

Tamén sería conveniente que a comunidade levante acta notarial onde consten os danos do edificio pero non sei se todo isto os calmará.

O Sra. Nieto García reitera a pregunta realizada no pleno anterior e que non se lle contestou sobre o prazo que ten a administración para contestar aos escritos que presenten os veciños.

Pregunta do Sr. Domínguez Lino dirixida á Sra. Besada Lores: os arranxos das tuberías de Andurique deberían de estar solucionados porque chega o inverno.

A Sra. Besada Lores quere deixar constancia da preocupación do tema de Boa Vista e que xa se remitiron os escritos á Consellería de Vivenda.

Por outra banda, o tema de Andurique, neste momento está en fase de licitación, segundo os datos ofrecidos pola Consellería.

O Sr. Martínez Nacemento pide que se realicen os trámites necesarios para que se pinten o antes posible os pasos de peóns da PO-308 xa que apenas se ven.

O Sr. Moldes Martínez di que en prensa saíu que se asinou un convenio de fisioterapia para as mariscadoras cunha empresa de Pontevedra e pregunta se se intentou asinar o mesmo convenio con algunha empresa de Poio.

A Sra. Besada Lores contesta que si pero saía máis caro.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e tres horas da que se redacta a

presente acta de todo o que eu, secretario provisional dou fe.